

### **Xuño 2010. Seminario de sensibilización na ruta do viño de Monterrei.**

O día 30 de xuño celebrouse un seminario en Verín, dirixido tanto a establecementos e institucións membros da ruta do viño de Monterrei, como a potenciais adherentes. O obxectivo era dar a coñecer o proxecto Rutas do Viño de Galicia e Norte de Portugal, e difundir os requirimentos para cada tipo de establecemento para formar parte das rutas do viño. Ademais, participaron os presidentes dos Consellos Reguladores das D.O. así como membros relevantes de cada ruta, para dar a coñecer as súas experiencias.

Os asistentes representaban fundamentalmente a establecementos turísticos (restaurantes, hoteis, casas de turismo rural), así como adegas.



